

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas para investimento en centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos sociais da familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado a través do Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece no seu artigo 15 b) que a Xunta de Galicia promoverá os recursos destinados á atención á infancia, procurando que esta dispoña dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

Esta orde adáptase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificada pola Lei 14/2004, do 20 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005. As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación, orzamentaria 14.02.212D.780.0, recollida na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2005, e o importe destinado a elas ascenderá a 180.000 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios ao fin para o que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a convocatoria de axudas económicas para investimento en centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia dependentes de entidades privadas de iniciativa social que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais e na Orde do 29 de febreiro de 1996 da

Consellería de Familia, Muller e Xuventude, modificada pola Orde do 6 de novembro de 2000, pola que se regulan os requisitos específicos que deben reunir os centros de menores e os centros de atención á infancia que presten atención educativa e asistencial, a nenos/as de 0 a 3 anos.

Artigo 2º.-Requisitos para ser beneficiario.

Poderán solicitar estas axudas as entidades privadas de iniciativa social que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ser titular dun centro de atención á primeira infancia (0-3 anos) que cumpra os requisitos establecidos no artigo 1º, e desenvolver as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Estar debidamente inscritas no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, de acordo co disposto no Decreto 291/1995, do 3 de novembro.

3. Que a tarifa de prezos por servizos prestados no centro de atención á primeira infancia non supere as contías máximas reguladas no Decreto 70/2002, do 28 de febreiro (DOG do 13 de marzo), polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Artigo 3º.-Tipo de axuda.

A axuda destinada a estes servizos concederase en forma de subvención de investimento, entendéndose por tal os gastos en obras de reforma, e mellora así como os gastos de equipamento.

Artigo 4º.-Contía das axudas.

A contía destas axudas fixarase en función das necesidades de cada centro, do proxecto presentado e do orzamento total asignado para este fin.

Artigo 5º.-Criterios de concesión.

Serán criterios preferentes para a concesión das axudas previstas nesta orde:

a) Que a entidade recibise no ano 2004 axudas para o mantemento de centros de atención á primeira infancia concedidas pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

b) Presentación de proxectos de adecuación aos requisitos que sobre instalacións e condicións materiais establece a normativa vixente. Valórase, en especial, as seguintes actuacións:

1. Obras de reforma e mellora para ampliación de espazos.

2. Mellora das condicións de seguridade e hixiene.

3. Equipamento dos patios de xogo para a súa adecuación á normativa en vigor.

4. Substitución de equipamento.

Artigo 6º.-Normas xerais de subvención.

O importe das subvencións por investimento reguladas nesta convocatoria en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 7º.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes presentaranse segundo modelo oficial (anexo I) xunto coa da seguinte documentación:

a) Documentación xeral:

1. Certificación bancaria da conta corrente na que se ingresará, se é o caso, o importe efectivo da subvención concedida.

2. Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

3. Tarifa de prezos do centro de atención á primeira infancia.

4. Declaración de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou de entidades privadas.

5. O permiso de inicio de actividades do centro será comprobado de oficio pola administración.

6. As entidades solicitantes deberán presentar, ademais da documentación requirida, a documentación estatística relativa á institución, debidamente cuberta nos modelos oficiais conforme os anexos II e III desta orde.

b) Documentación específica:

Obras de reforma e mellora:

-Anteprojecto e memoria valorada.

Equipamento:

-Orzamento do importe das adquisicións que se pretendan realizar, con xustificación da súa necesidade.

Artigo 8º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

A solicitude mais a documentación requirida presentaranse nas delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será de corenta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Artigo 9º.-Tramitación dos expedientes.

1. As delegacións provinciais da consellería comprobarán que os expedientes reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, requirirase do interesado que, no prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 desta lei.

2. Revisados os expedientes, e completados, se é o caso, remitiranse á comisión provincial de valoración, para que unha vez baremados dite a proposta de resolución, proponendo ao órgano competente para a súa resolución a concesión ou denegación das axudas.

Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas as aducidas pola entidade interesada, poráselle de manifesto para que no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificación que considere pertinentes, de acordo co disposto no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: delegado provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado ou persoa en quen delegue.

Vogais: tres funcionarios da respectiva delegación designados polo delegado provincial, un dos cales actuará como secretario.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A resolución das axudas, por proposta da comisión de valoración, e despois da súa fiscalización, pola intervención, correspóndelle á conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, no prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte á data de publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

2. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse o recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. Neste caso non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

Artigo 11º.-Pagamento e xustificación das subvencións.

1. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

A subvención aboarase conforme o disposto na Lei de orzamentos xerais da comunidade galega para o ano 2005 unha vez efectuado o gasto e presentada ante a Dirección Xeral de Familia a seguinte documentación:

-Certificado do representante da entidade no que conste a realización da obra ou subministración e a súa conformidade con ela.

-Orixinal ou ben copia compulsada ou cotexada de facturas soporte do gasto efectuado.

As facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido (BOE do 29 de novembro).

Artigo 12º.-Outras obrigas das entidades subvencionadas.

As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 78.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, especificamente a:

a) Estar ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

b) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

c) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado sobre os seus centros e actividades.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Someterse ás actuacións de comprobación material do investimento que deba efectuar a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

Artigo 13º.-Reintegro.

Procederá ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida e os xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos establecidos no artigo 78.10º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Artigo 14º.-Cesamento de actividades.

No caso de ter recibido financiamento público, non poderá autorizarse o cesamento de actividades dun centro a non ser que a parte de financiamento non amortizada revértese á Administración autonómica. Para tales efectos, entenderase que o financiamento para investimento inmobiliario se amortizará aos 20 anos e a destinada a equipamento aos 5 anos.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global as disponibilidades orzamentarias consignadas para esta finalidade. En todo caso, as actuacións que se van subvencionar deberán realizarse dentro do exercicio económico do ano 2005.

Segunda.-As entidades beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Familia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE FAMILIA,
 XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA INVESTIMENTO EN CENTROS E SERVIZOS DEDICADOS Á ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM420B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

I.- DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE		
NOME	CIF	Nº REXISTRO
ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
REPRESENTANTE LEGAL		
NOME	DNI	TELÉFONO
CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA		
NOME	Nº DE REXISTRO	
ENDEREZO	TELÉFONO	
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO

II.- DATOS ADMINISTRATIVOS

TITULARIDADE DO CENTRO: (MARCAR CÚN X O QUE PROCEDA)

<input type="checkbox"/> ORDE RELIXIOSA.	<input type="checkbox"/> FUNDACIÓN OU ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO.
<input type="checkbox"/> EMPRESA.	<input type="checkbox"/> PADROADO BENÉFICO-SOCIAL.
<input type="checkbox"/> PADROADO BENÉFICO-EDUCATIVO (COOPERATIVA).	<input type="checkbox"/> OUTROS (ESPECIFICAR) _____
<input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN DE PAIS.	_____
<input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN DE VECIÑOS.	
<input type="checkbox"/> PARROQUIAL.	

ANO DE APERTURA: _____
 CAPACIDADE: _____
 OCUPACIÓN: _____

III.- CONDICIÓN MATERIAIS E INFRAESTRUTURAIAS

SITUACIÓN	
<input type="checkbox"/> Edificio uso exclusivo	<input type="checkbox"/> Local de uso exclusivo con acceso independente desde o exterior
LOCALIZACIÓN	
<input type="checkbox"/> Rural	<input type="checkbox"/> Urbana <input type="checkbox"/> Semiurbana
ESPAZOS INTERIORES	
- Nº aulas con aseo accesible desde elas _____	
- Nº aulas sen aseo _____	
- Nº aulas con áreas diferenciadas para descanso e hixiene _____	
- Nº aulas con áreas diferenciadas para descanso, hixiene e preparación de alimentos _____	
- Sala usos múltiples / comedor _____	
ESPAZOS EXTERIORES:	
<input type="checkbox"/> Espazo aberto de recreo (dentro do recinto e propio)	<input type="checkbox"/> Espazo aberto de recreo (fóra do recinto e público)

IV.- HORARIO, CALENDARIO E SERVIZOS

Horario _____	Calendario _____ meses/ano
SERVIZOS QUE PRESTA	
<input type="checkbox"/> Comedor	<input type="checkbox"/> Cociña
<input type="checkbox"/> Transporte	

V.- OUTROS DATOS DE INTERESE

Capacidade do centro _____ nenos	Ocupación do centro _____ nenos/as
Idades: de _____ a _____ anos	Nº de persoal de atención educativa _____
DISTRIBUCIÓN DOS NENOS POR GRUPO DE IDADE	
Nº de nenos de 0 a 1 anos _____	Nº de nenos de 1 a 2 anos _____
Nº de nenos de 2 a 3 anos _____	

VI.- CONCEPTO PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

A) REFORMA E ADECUACIÓN

TIPO DE OBRA QUE SE VAI REALIZAR	ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITADO
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

B) EQUIPAMENTO

TIPO DE EQUIPAMENTO QUE SE VAI REALIZAR	ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITADO
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

C) BREVE XUSTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR

Declaro que todos os datos facilitados neste cuestionario son certos

_____, de _____ de 200__

O REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.: _____

ANEXO II

DATOS DO/A PERCEPTOR/A

NOME			DNI/CIF		
ENDEREZO				LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		TIPO DE PERCEPTOR/A <input type="checkbox"/>	

Relación perceptor/a-administración <input type="checkbox"/>	Sector institucional <input type="checkbox"/>	Actividade económica <input type="checkbox"/>
--	---	---

CÓDIGO DA CONTA BANCARIA

BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
-------	---------	------	-------

Orde do 27 de abril de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades deportivas privadas sen ánimo de lucro para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas e para a adquisición de equipamentos deportivos.

Por medio desta orde, preténdese continuar o programa de fomento daquelas actividades que persigan a mellora do parque de inmobles vinculados a usos deportivos e pertencentes a entidades deportivas sen ánimo de lucro.

Mediante este programa continuarase na tarefa de planificación no plano de mellora das instalacións deportivas, de modo que coa acción pública da Administración autonómica tentaranse de orientar e priorizar aquelas que se xulgan máis relevantes para a actividade deportiva.

A regulación detallada dos aspectos máis relevantes da acción programada identifica con claridade os beneficiarios no artigo 3º e as actuacións subvencionables no seguinte precepto, para establecer posteriormente os trámites esenciais do procedemento administrativo que a acción exixirá.

No procedemento destaca a intención de facilitar o máximo contacto dos potenciais beneficiarios coa administración autonómica, finalidade que explica a intervención dos servizos administrativos das delegacións provinciais da consellería, tanto nas fases iniciais como finais deste.

O outorgamento das subvencións será efectuado baixo estritos criterios obxectivos que se explicitan con suficiente detalle no artigo 9º da norma reguladora.

Nos orzamentos xerais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, para o exercicio de 2005, existe crédito axeitado e suficiente, na aplicación orzamentaria 14.04.355A.780.0, para as subvencións que se establecen nesta orde. Está efectuada a pertinente retención de crédito para o desenvolvemento desta orde.

O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no seu artigo 78 (coa redacción que lle deu a este precepto o artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, a consecuencia da nova normativa estatal básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións) o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve, constitúen a normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, e os demais que resultan de xeral aplicación.

Polo exposto e en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios destinados para o fin para o que foron establecidos

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a construción, mellora, acondicionamento e reforma de ins-